

***II Concurso de Contos
(Maio 2019)***

CÓNTAME UN CONTIÑO

1. OBXECTO

O Concello de A Pobra de Trives convoca a **“II Concurso de Contos Curtos”**, no que os participantes deberán escribir un breve conto en galego.

Ten como obxectivo, ademais de descubrir o talento literario e espertar a imaxinación do público participante, darlle a importancia que merece a Lingua Galega e que sirva de dinamización lingüística, así como de defensa e promoción do idioma na sociedade en xeral.

Contaremos desta volta con tres categorías marcadas polas idades. A presentación dos contos será do 6 ao 15 de Maio do 2019. O contos gañador será anunciado na Páxina Web e nas Redes Sociais do Concello.

2. DEREITO A PARTICIPAR

- Poderán participar no Concurso os maiores de 6 anos.
- Poderán participar todos aqueles que presenten o seu conto tal e como as bases o indiquen.
- Non poderán participar aquelas persoas cos datos incorrectos, incompletos ou ilexibles. Ademais, os datos facilitados deberán ser veraces.

3. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- I. Os traballos que participen no concurso deben incluír as palabras ***“BICA”, “PONTE BIBEI”, “MONTAÑA” e “TRIVES”***
- II. O conto deberá remitirse escrito en **Lingua Galega**, deberá ser orixinal e inédito (non debeu estar publicado anteriormente en ningún medio ou soporte) e non debeu ter recibido previamente ningún premio ou accésit noutro certame.
- III. O conto deberá enviarse con título.
- IV. O prazo para enviar os Contos será durante a vixencia do “II Concurso de Contos Curtos”, isto é, do 6 ao 15 de maio do 2019.
- V. Non se admitirán no presente certame ningún conto enviado fóra do prazo nin tampouco se admitirá en xeral calqueira outro conto que non cumpla as condicións expresadas nas presentes bases.
- VI. Os autores deberán identificarse co seu nome e apelidos, data de nacemento, idade e un teléfono de contacto. Poderán enviar máis de un (1.-) conto, pero cada un irá separado.
- VII. Poderán enviar os contos e os datos do participante ao correo electrónico: comunicacion@concellodapobradetrives.gal, ou se o queren presentar físicamente poderán facelo nas Oficinas do Concello en horario de 9 a 14h., no CEIP Manuel Bermúdez Couso ou no IES Xermán Ancochea no seu horario escolar.

- Haberá catro (4.-) categorías e cada unha terá uns requisitos distintos de en canto á extensión do conto:

- **De 6 a 9 anos:** O conto debe ter unha extensión máxima de 1 folio (escrito por unha cara), presentarse escrito á man.
- **De 10 a 12 anos:** O conto non superará 2 folios (escritos por unha cara), presentarse escrito á man.
- **De 13 a 17:** O conto nesta categoría presentase cos seguintes requisitos:
 - Escrito a ordenador e presentado unicamente en formato dixital
 - Letra tipo: Arial a 12 puntos, entreliñado de 1,5 e en documento a tamaño A-4.
 - Esta categoría soamente poderá presentar os contos enviándoos directamente á dirección electrónica: comunicacion@concellodapobradetrives.gal
 - No asunto do e-mail especificarán “para o II CONCURSO DE CONTOS CURTOS, CÓNTAME UN CONTIÑO”
 - Enviarase un arquivo en formato Word co conto, e denominado co título do mesmo, e nese mesmo correo enviaranse os datos do autor (nome e apelidos, ano de nacemento, dirección e teléfono de contacto)
 - A obra terá unha extensión máxima será de 1000 palabras (aproximadamente 4 folios), e deberán marcar en negriña as palabras de uso obrigatorio (“BICA”, “PONTE BIBEI”, “MONTAÑA” e “TRIVES”).
- **De 18 en diante:** O conto nesta categoría presentase cos seguintes requisitos:
 - Escrito a ordenador e presentado unicamente en formato dixital
 - Letra tipo: Arial a 12 puntos, entreliñado de 1,5 e en documento a tamaño A-4.
 - Esta categoría soamente poderá presentar os contos enviándoos directamente á dirección electrónica: comunicacion@concellodapobradetrives.gal
 - No asunto do e-mail especificarán “para o II CONCURSO DE CONTOS CURTOS, CÓNTAME UN CONTIÑO”
 - Enviarase un arquivo en formato Word co conto, e denominado co título do mesmo, e nese mesmo correo enviaranse os datos do autor (nome e apelidos, ano de nacemento, dirección e teléfono de contacto)
 - A obra terá unha extensión máxima será de 1500 palabras (aproximadamente 5 folios), e deberán marcar en negriña as palabras de uso obrigatorio (“BICA”, “PONTE BIBEI”, “MONTAÑA” e “TRIVES”).

O presente certame convocado polo Concello de A Pobra de Trives, está suxeito con todo o seu alcance e extensión á aplicación da normativa de Propiedade Intelectual Española e en concreto ao Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril que aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa que lle sexan de aplicación.

Tendo en consideración que a participación é a través de contos curtos, o participante declara expresamente o indicado a continuación e asume as consecuencias derivadas do falseamento de tal declaración:

1. Que o conto enviado é unha creación do participante, orixinal en todas as partes que a compoñan.

2. Que con respecto ao conto enviado, se autoriza libremente ao Concello, sin contraprestación algunha, a súa sincronización (total ou parcial), reprodución (total ou parcial), comunicación pública (total ou parcial), transformación (total ou parcial) e distribución (total ou parcial) para calquera formato e soporte on line.

4. SELECCIÓN DE FINALISTAS Y GANADOR Y ENTREGA DE PREMIOS

1) SELECCIÓN DE FINALISTAS E GANADOR:

A - Xurado:

Estará formado por Profesorado de Lingua Galega tanto do IES Xermán Ancochea coma do CEIP Manuel Bermúdez Couso e tamén pola concelleira de cultura do Concello da Pobra de Trives.

B - Selección Finalistas:

Todas as decisións do xurado serán tomadas nunha única votación por maioría de votos en base, entre outros, a criterios de estética, calidade literaria, orixinalidade e tamén tendo en conta o uso e recollida de tradicións galegas.

Toda decisión do xurado será irrevogable, podendo declarar o premio deserto, si tras unha análise minuciosa dos contos enviados, ningún tivera a calidade suficiente.

O xurado resérvase o dereito de non admitir no Concurso aqueles contos curtos que, entre outros, atenten contra os dereitos á intimidade, honra e imaxe de terceiros, ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, contra a moral e/ou contra a orde pública.

Publicaranse os gañadores do concurso na Páxina Web e nas Redes Sociais do Concello.

O xurado elixirá o conto gañador baseándose en criterios de estética, calidade literaria e orixinalidade.

A elección do conto gañador será comunicada convintemente ao seu autor polo Concello de A Pobra de Trives, no número de teléfono facilitado.

As persoas premiadas están obrigadas a facilitar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, DNI, dirección e teléfono de contacto.

2) PREMIO:

1º Premio categoría de 6 a 9 anos: Agasallo + Libro En Lingua Galega + Diploma

1º Premio categoría de 10 a 12 anos: Agasallo + Libro En Lingua Galega + Diploma

1º Premio categoría de 13 a 17 anos: Agasallo + Libro En Lingua Galega + Diploma

1º Premio categoría de 18 anos en diante: Agasallo + Libro En Lingua Galega + Diploma

5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL

O Concello de A Pobra de Trives é o responsable do tratamento dos datos persoais do interesado e informao de que estos datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (RGPD) e a Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGG) e a Ley 1/1982 de protección civil, dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe.

O Concello de A Pobra de Trives, como responsable do tratamento, tratará os datos de carácter persoal que os participantes, nenos, rapaces ou pais, faciliten para a súa participación no concurso, coa finalidade de xestionar a súa participación no mesmo, a publicidade dos premios e obras presentadas. A base de lexitimación do tratamento é o consentimento do interesado ou o seu representante legal, e o cumprimento de obrigacións legais;

cando os participantes sexan menores de 14 anos, o consentimento para o tratamento de datos terá que ser prestado polo seus representantes legais. Os datos dos participantes poderán ser comunicados a través de Internet ou medios de comunicación social para informar sobre a actividade ou por medio da reprodución das obras presentadas a concurso, así mesmo, os datos tratados non se comunicarán a ningunha entidade ou organismo. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español.

Cando o tratamento estea baseado no consentimento do interesado, ten dereito a retiralo en calquera momento, sen que isto afecte á licitude do tratamento previo a súa retirada

O interesado pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de A Pobra de Trives ou ante o Delegado de Protección de Datos do Concello, na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

6. ACEPTACIÓN DAS BASES

O participante acepta expresamente cumprir todas e cada unha das BASES do presente CERTAME.

O incumprimento dalgunha das BASES dará lugar á exclusión do participante do presente CERTAME.